



SMART Notebook é o software propio dos encerados dixitais que está a enviar a Consellería de Educación aos centros. Polo tanto, é posible que xa o coñezas. Este breve "manual" de Notebook diríxese ás persoas que non coñezan este programa e queiran usalo para empregar as táboas cronolóxicas. O seu funcionamento é moi sinxelo

O modo de traballar deste programa recorda ao Power Point: créase unha cadea de "diapositivas" ás que engadimos elementos para visualizalas nunha secuencia determinada. En Notebook, créanse "encerados" para visualizalos e interactuar con eles directamente sobre o encerado.


Coméntanse unicamente as ferramentas necesarias para usar as táboas.



Pantalla inicial de Notebook1




Detalle da esquina superior dereita coa pestana
"clasificador de páxina" despregada



Pestana da "Galería" de recursos

A esquerda vese a pestana da Galería de recursos destinada a almacenar nela os elementos que queiramos empregar cómoda e rapidamente no encerado. Para as táboas unicamente usaremos unha regra decimal que atoparemos en "Catálogo de imaxes"




Supoñamos que queremos engadir elementos novos a unha das táboas cronolóxicas. Cumpre ter presente que as liñas que delimitan un século nas táboas cronolóxicas está a unha distancia de 40 mm, polo que 1 mm equivale a 2,5 anos


Engadiremos ao músico renacentista Palestrina a nosa táboa. Pasos:

1. Coñecer as datas de nacemento e morte. Wikipedia resolve magnificamente este problema e, ademais, dela podemos tomar unha imaxe do músico sen copyright ou de dominio público (se premes enriba da foto, accederás a súa licenza)
2. O músico en cuestión naceu en 1525 e morreu en 1594 polo que viviu 69 anos polo que $69 / 2,5 = 27,6$. É dicir, a liña que represente a vida de Palestrina deberá medir 27,6 mm
3. Abrimos a táboa do século XVI e arrastramos dende a Galería a regra para medir a lonxitude da liña e o lugar onde debe ir dentro de século XVI. Vexámolo:

Collemos a ferramenta de liñas e trazamos sobre a regra a liña de 27 ou 28 mm.




4. Se queremos engadir a fotografía deberemos copiala, pegala e reducila de tamaño e de “peso. Para eliminar” o fondo da foto (tal e como están as das táboas) é necesario usar un programa de tratamento de imaxes.
5. Colocamos a foto enriba da liña de 27 ou 28 mm, e se queremos ter un acceso directo a Wikipedia, faremos o enlace deste xeito:
 - a. Copiamos o enderezo ou URL da páxina da Wikipedia
 - b. Regresamos a Notebook, seleccionamos a foto de Palestrina.
 - c. Prememos co punteiro e no menú despregable eliximos “Ligazón” e pegamos a dirección da Wikipedia ...




[Os elementos de Notebook poden ligarse deste xeito a outros elementos, mesmo documentos de texto, imaxes, URLs, ... o cal é cómodo para acceder ao que queiramos empregar en clase dun clic e sen perda de tempo].

d. Marcamos en “Obxecto” para que a foto de Palestrina sirva de botón da ligazón (se seleccionamos “Icona da esquina” aparecería un punto verde que faría as funcións de botón)



e. Aceptamos. Seleccionamos os tres elementos (liña, nome e foto) e agrupámoslos para poder manexalo como un único elemento



Unicamente réstanos por colocalo no seu lugar dentro do século XVI. Para elo dividimos o ano de nacemento (ou da morte, é igual) entre 2,5 ($25 / 2,5 = 10$) polo que o extremo esquerdo da liña estará a 10 mm do ano 1.500. Medimos coa regra, colocamos no seu sitio e bloqueamos o elemento para evitar desprazamentos involuntarios.

Deste xeito pode calcularse calquera elemento que queiramos incorporar á táboa.